

A CUESTIÓN LINGÜÍSTICA

Nova Escola Galega ten como un dos eixes fundamentais da súa existencia a normalización lingüística e cultural no ensino. Temos organizado moitas xornadas e actividades con este motivo ao longo da nosa historia e redactamos no 1988 “Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego”.

No 1989, un amplo número de organizacións, entidades e institucións chegamos a unha proposta común dun “Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino”. Dez anos máis tarde (1999) NEG elaborou unha proposta actualizada, baixo o título de “Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego”. En todos os casos estas propostas entregámoslles ás autoridades educativas.

Podemos dicir que, a día de hoxe, os diferentes equipos de goberno que houbo na Xunta de Galicia nunca puxeron en marcha un modelo claro de normalización lingüística no ensino. Ben é verdade que algúns aspectos por nós formulados foron tidos en conta, como no seu día ocorreu coa constitución dos equipos de normalización lingüística dos centros, se ben sen as funcións que nós previamos nos nosos modelos.

Dende aquela data do primeiro modelo ata hoxe pasaron máis de vinte anos e o certo é que nunca puidemos albiscar sequera que chegaríamos aquí coas mouras perspectivas que se anuncian para a lingua dende este goberno da Xunta.

Non parecería lóxico pensalo, habendo como había un consenso amplo no tocante á lingua que, con maior ou menor intensidade, se recollía na Constitución (1978), no Estatuto de Autonomía (1981) e na Lei de Normalización Lingüística (1983).

Os sucesivos decretos que recolleron os mandados estatutarios e lexislativos a respecto da normalización lingüística no ensino, a maior parte deles desenvolvidos por gobernos do Partido Popular, con Fraga como presidente, foron avanzando paseniño -amodo de máis ao noso entender- na incorporación da nosa lingua como lingua vehicular no ensino. De xeito tal que nese contexto e no 2004, o Parlamento de Galicia chegou a un acordo unánime sobre un Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Cómpre lembrar algunhas medidas alí recollidas:

Grupo de medidas 2.1.G

2.1.22. Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

2.1.23. Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

Grupo de medidas 2.1.H

2.1.26. Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentarse que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.

2.1.27. Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas.

2.1.28. Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.29. Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

Este PXNLG comezou a desenvolvelo para o ensino o anterior goberno bipartito, por medio do Decreto 124/2007. Sobre este decreto, e logo dunha demorada e pormenorizada análise, NEG opinou sinteticamente que, dados os datos sociolingüísticos que xa daquela se podían valorar, o avance sobre o anterior (247/1995) era mínimo. De feito sostemos que hai moi pouca diferenza entre un e mais o outro, de aí o noso abraio sobre a postura do PP naquela circunstancia, na que se arredou do consenso acadado unanimemente e mesmo renegou das normas que eles mesmos ditaron en etapas anteriores.

Na campaña electoral e chegados ao goberno da Xunta non se cansan de proclamar unha e outra vez unha auténtica falacia -ou razoamento aparentemente "lóxico" no que o resultado é independente da verdade das premisas- sobre a necesidade de "liberar" o castelán da opresión que sofre como consecuencia da "imposición" do galego. Mesmo argumentan o perigo da desaparición do español.

Xaora que os datos sociolingüísticos máis recentes seguen afondando na situación dramática do galego na nosa sociedade e na ínfima presenza no sistema educativo en todas as súas etapas.

Esta montaña de argumentos falaces medra a cada paso, segundo o principio de que unha mentira repetida mil veces acaba por creerse. E nestas estamos.

As primeiras medidas

Como medida "estrela" do seu mandato no ámbito da lingua anuncian a derogación inmediata do decreto vixente, mesmamente cunha ignorancia total dos procedementos legais ao respecto, e como primeiro chanzo desta desfeita anuncian unha enquisa (aínda que teñen especial interese en que se trate como unha consulta) aos pais e nais sobre a presenza da lingua na escola. Nos moitos anos que levamos no mundo do ensino non lembramos ningunha outra ocasión -e houbo motivos abondo- en que se utilizase este instrumento para saber a opinión de toda ou parte das comunidades educativas.

Se a obriga das administracións é a de dotaren o sistema educativo dos contidos curriculares oficiais, non se pode entender que estes se fagan depender en maior ou menor medida dos resultados de tal enquisa-consulta, por moito que uns membros do goberno digan que non serán vinculantes mentres outros din inmediatamente que serán básicos ou "decisivos" para a elaboración dunha nova norma que substitúa a actual.

Se deixamos á marxe a auténtica intención desta iniciativa, para nós moi clara, de sustentar politicamente e mediante unha consulta pseudodemocrática o seu deseño dun retroceso normativo da presenza do galego no sistema educativo, e facendo un exercicio de boa intención, podemos preguntarnos:

¿Para que sería necesaria esta enquisa? E podemos pensar en dúas posibilidades: ou descoñecen a realidade da lingua ou pretenden que a lingua galega (repárese en que só esta) se sirva á carta.

Como a primeira possibilidade non é crible neste momento, en que dispoñemos como xa se indicou de tantos indicadores tirados dos estudos realizados nos últimos tempos (especialmente coñecidos por parte do novo Secretario Xeral de Política Lingüística), só cabe pensar na segunda: procúrase que o resultado dea pé e sustento a unha modificación normativa de rebaixa no uso do galego no ensino. É dicir, pretenden aplicar os criterios das leis do mercado tamén á cultura e á lingua. O que nos levaría a pensar se é necesario realmente un goberno para iso.

Pretenden aplicar os criterios das leis do mercado tamén á cultura e á lingua. O que nos levaría a pensar se é necesario realmente un goberno para iso.

Ora ben, e antes de entrarmos nos aspectos concretos da enquisa, ¿que pasaría se os resultados se decantasen por unha presenza

Porque temos unha lingua



Nova Escola Galega



menor da nosa lingua no ensino? ¿Non sería un trazo máis ca definitivo da propia anormalidade na que se atopa o noso idioma? E nese caso, ¿non cumpriría compensar esa situación precisamente cunha maior presenza como lingua vehicular? ¿Non sería precisamente neses núcleos que lle meten presión ao goberno para unha menor presenza do galego onde debería ser xustamente ao contrario? ¿Ou é que pretenden que haxa bolsas de poboación que non teñan a competencia lingüística necesaria e fixada polas leis?

A enquisa ou consulta

Creemos que cómpre indicar de inmediato que as comunidades educativas se rexen por órganos de goberno democraticamente elixidos, e que as nais e os pais tamén teñen ademais asociacións que os representan. É o caso dos Equipos directivos, dos Claustros de profesores e profesoras ou dos Consellos escolares, nos que se atopan representados, mediante procedementos regulados por lei, os diferentes sectores da comunidade. Así que as primeiras preguntas poden ser: ¿Considera a Consellería que esas diferentes representacións non son suficientes para que poidan asumir as decisións relativas á escolarización, tal e como veñen facendo ata agora cos proxectos lingüísticos dos centros? ¿Por que se produce logo unha consulta que ignora absolutamente estes órganos de goberno?

E declaran a vixencia para dezaseis anos do novo decreto, no mellor dos casos, cunha “fotografía” do 2009. ¿E que pasa coas outras xeracións que se escolaricen en todos estes anos? ¿É que as persoas deste país que non teñen fillos

ou fillas, ou non os teñen escolarizados neste momento, non teñen logo opinión ao respecto, ou non se debe considerar? ¿Ula a responsabilidade do Parlamento e do Goberno?

Ademais dos aspectos concretos da operativa que se lles impón aos equipos directivos dende a Consellería, sen nin sequera ter a ben algunha aclaración ou consulta previa, ¿quen pode garantir o control democrático desta consulta? ¿Acaso serán responsables os e as directores/as dese control de xeito unipersonal? ¿Pode esixírselles ese papel sen as mínimas garantías? ¿En que medida poderían estar vulnerando a lei de protección de datos?

A primeira consideración que cómpre facer a respecto dos textos presentados nas enquisas é a de que, utilizando de maneira nesgada a terminoloxía de materias “troncais”, se furta a todo o mundo a posibilidade de poder optar por un ensino todo en galego (agás as áreas das segundas ou terceiras linguas). Non existe tal posibilidade na enquisa presentada.

Fúrtase a todo o mundo a posibilidade de poder optar por un ensino todo en galego (agás as áreas das segundas ou terceiras linguas)

Ademais, cómpre tamén indicar salientando que as persoas que optemos por marcar a casa de “Galego” (Ed. infantil e FP) ou “Todas en galego”, en realidade ao que nos estamos referindo é só ás chamadas materias “troncais”. É dicir, que neste

caso só estaremos optando polo que recolle xa o decreto vixente. Calquera outra resposta supón necesariamente un retroceso.

Podemos afirmar que a enquisa é acientífica, tanto na forma de presentación das diferentes preguntas como na ausencia doutras significativas. Non esquezamos, e este é un caso palmar, que nestas mostras as respostas son unhas ou outras dependendo de como se fan as preguntas.

Pero tamén o é nos contidos. Ou senón, ¿como se pode formular a posibilidade da aprendizaxe da lectoescritura en máis dunha lingua na educación infantil? ¿E que pasa cos demais contidos de educación infantil que non son de lectoescritura e non figuran? ¿Ou como se pode falar de materias “troncais” en educación primaria? ¿É que non sabe o señor conselleiro e os seus asesores que nestas etapas teñen unha importancia vital áreas que para eles parecen ser de segunda categoría? ¿Ignoran as propias leis educativas que sinalan as competencias como eixes curriculares e a globalización necesaria nestas etapas? ¿Como se formula sequera a posibilidade de que poida haber diferenza entre a lingua vehicular utilizada e a dos materiais curriculares ou probas orais e escritas?

Orixe e consecuencia

A orixe real do problema que o goberno tivo a ben incentivar e xeneralizar nas comunidades educativas e na sociedade en xeral, problema que non existía, está precisamente en algo xa moi antigo: o odio aos sinais de identidade. Algo que as políticas lingüísticas deberían ter desterrado hai

tempo, se é que houberse algunha vez tales políticas. Algo que está moi presente neses sectores que rexeitan a lingua do país, a lingua dos seus devanceiros, porque se avergonzan dela. Tal como facía aquela pobre persoa que lles presentaba a súa nai aos seus amigos como se fose a criada.

Iso é o que leva a dicir a estas alturas grosarías como a de que as matemáticas as hai que impartir en castelán, porque o galego non vale. Ou que leva a considerar que non pasaría nada porque os seus fillos e fillas fosen incompetentes en galego. Velaí unha valoración de auto-xenreira que non ten base

Iso é o que leva a dicir a estas alturas grosarías como a de que as matemáticas as hai que impartir en castelán, porque o galego non vale.

real, senón máis ben nas cabezas de quen así pensan.

Pero isto, que ocorreu e que ocorre agora, nunca se instalara de forma tan indecente na acción política dos nosos gobernantes. E a desculpa é que pretenden “superar a conflitividade xerada sobre a lingua”. ¿Pero pódese saber quen xerou esa conflitividade?

Abandonen xa ese argumento insultante de que todos e todas os que defendemos a lingua somos dun partido ou dunha ideloxía determinada. A lingua é de todos e todas, e a todas e a todos

